



FERVENZAS DO ANLLÓNS


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Carballo-Ramil: 7 km
Carballo-San Paio: 11 km
Carballo-Capela de San Brais: 17 km
A Carballa (Cabana)-Capela de San Brais: 23 km
A pé: 4 km

Dificultade: baixa
Duración: 4 horas

Un percorrido para achegarse a varias fervezas nos afluentes do Anllóns nos concellos de Carballo e Cabana de Bergantiños. Se temos tempo podemos achegarnos ao Refuxio dos Verdes (Coristanco) ou á area recreativa de Añón (Carballo)



1-Poza da Forca

Na parroquia de Rioboo (Cabana de Bergantiños). Río da Barcia ou Baiabosa, unha das cabeceiras do Cundins, afluente do Anllóns.

Salva un desnivel de 5 m en xistos. Está rodeada dun pequeno bosque de ribeira ben conservado e plantacións de eucaliptos.

COMO CHEGAR:

Pola estrada de Carballo a Fisterra despois de pasar Agualada cóllese a estrada de Ponteceso. Ao chegar á Mata cóllese un cruce que indica Folgoso, Capela de San Brais. Despois de atravesar o lugar de Folgoso de abaixo séguese en dirección á capela de San Brais e un pouco antes hai un sendeiro á dereita que baixa entre prados e polo medio dunha plantación de eucaliptos ata chegar á ferveza (1 km, ida e volta).





2-Fervenza de Ramil

No rego da Férveda, afluente do Casal do Perros (río Grande-Anllóns).

No lugar de Ramil (Santa Eufemia), na parroquia de Rus (Carballo).

COMO CHEGAR:

Na estrada de Carballo a Santiago, a uns catro quilómetros, hai que coller un cruce á esquerda que vai a Santa Eufemia de Rus. Pasada a capela cóllese un camiño que sae da primeira curva pechada e leva ata fervenza (400 m, ida e volta).

3-Fervenza de Sampaio

Na parroquia de Entrecruces (Carballo), no lindo concello de Tordoia.

No río de Outón tamén chamado da Férveda e Taboada, un afluente do río Grande que á súa vez desemboca no Anllóns. É unha fervenza duns 30 m de altura en gabros con tres saltos. nas proximidades consérvanse varios muíños e os restos dunha antiga central eléctrica.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Carballo a Santiago, despois de pasar Entrecruces, hai que coller o cruce que vai a San Paio. Pásase o lugar e déixase o coche xunto á capela. Séguese o camiño a pé que nos leva xunto á fervenza (2 km ida e volta). Pódese facer unha ruta a pé (sinalizada) entre as fervenzas de San Paio e Ramil de 10,5 km.

